

CULTURA

A difusión do galego e a animación á lectura danse cita na Praza dos Libros

Literactúa chega con novas propostas tralo éxito acadado con experiencias pasadas

A Praza dos libros comezou onte a súa actividades trala presentación por parte de persoeiros do Concello e o pregón da secretaria xeral da Asociación de Escritores/as en Lingua Galega (AELG), Mercedes Queixas Zas. O acto tivo lugar nunha carpa situada no xardín municipal da vila.

R. TASENDE > CARBALLO

■ O alcalde da localidade, Encio Ferrero; a concelleira de Cultura e Normalización Lingüística de Carballo, Belén Lendoiro; e o director xeral de Programación e Difusión Cultural, Luis Gará, foron os encargados de presentar a nova edición da Praza dos Libros que estará en Carballo ata o domingo. O horario das casetas será de once da mañá a dúas da tarde e de cinco e media a nove e media.

A Praza estará unida aos produtos da terra, xa que coincidirá coa feira tradicional e, ademais, todos os que merquen un libro o domingo serán agasallados cun pan de Carballo. Belén Lendoiro presentou, a súa vez, o novo programa de Literactúa que axuda á difusión do libro escrito en galego. As experiencias pasadas foron moi positivas e para este novo trimestre propóñense as seguintes obras: "Made in Galiza" de Séchu Sendé, a interactividade cos lectores será o 26 de setembro na "Taberna Café O Patacón" de Carballo. Outra será "O Home Inédito" de Carlos G. Meixide, el estará o 31 de outubro no "Café Colón". Por último Manuel Rivas estará na vila o 28 de novembro na "Cervearía Dublín".

Ferrero quixo recordarlle a todos os asistentes á presentación que os libros son unha gran viveza e afirma: "cando paso por aquí recordo os momentos da miña infancia, os libros son algo moi importante nas nosas vidas". Mercedes Queixas, ex compañeira de traballo de Ferrero no CEIP "Alcalde Xosé Pichel de Coristanco", tamén destacou no seu pregón a importancia dos libros na vida dunha persoa. Fai mención así de diversos tipos como o escolar, o de texto, o de familia... Resalta: "¿Quen non precisou dun libro ao longo da súa vida?" Queixas Zas tamén destacou a importancia que está adquirindo a literatura galega e como exemplo usa a obra "Cartas de Inverno" de Agustín Fernández Paz, traducida a varios idiomas e reeditada en moitas ocasións.

A Praza dos libros reunirá a escritores e lectores nun "días de festividade literaria" para Queixas.



La pregonera, junto al alcalde, en la carpa instalada para la presentación de la Praza dos Libros

MAREMA

PROGRAMA

Día adicado aos máis pequenos de Carballo

■ Hoxe o día na Praza dos libros comeza ás once e media da mañá coa Fábrica da Fantasía, destinada a nenos e maiores. Presentaranse actividades como contos rápidos para levar, poemas a toda máquina e imaxes que contan historias. Toda unha actividade chea de imaxinación para o disfrute dos máis cativos. Á unha e media da tarde haberá unha charla dramatizada humorística de María Mariño por parte de Brais Fernández Álvarez. Pola tarde, ás oito, os nenos disfrutarán coa compañía de títeres Viravolta. Ás nove presentase a obra Xurxo Borrazás "Arte e parte" e ás dez e media a caboverdiana Nancy Vieira ofrecerá un concerto.

XOSÉ RAMÓN FREIXEIRO MATO ESCRITOR E LINGÜISTA

"O galego está vivindo unha situación moi preocupante"

Xosé Ramón Freixeiro Mato (Cances, Carballo, 1951) é profesor titular da Facultade de Filoloxía da Universidade de A Coruña. Onte presentou na Praza dos Libros carballesa a súa nova obra "Lingua, nación e identidade".

—¿Que expón na súa obra?

—Reflexións sobre a lingua galega dende a época medieval ata a actualidade. Repaso sobre todo a realción co galego-portugués, a entrada do castelán na nosa lingua e a relación con outros idiomas europeos. Tamén me refiro á normalización lingüística e ao posicionamento lingüístico dos autores galegos.


—¿A que público vai dirixido?

—A todos os que se desexen interesar pola situación histórica do galego, que deberían ser todos.

—¿Canto tempo precisou para rematar o libro?

—Pois pódese dicir que comecei con el hai uns cinco anos. Pero en realidade fai máis porque son compilacións de participacións miñas en congresos e

literactúa



X. Ramón Freixeiro

MAREMA

simposios.

—¿Que opina da situación actual do galego?

—O galego está vivindo unha situación moi preocupante. Está perdendo falantes, sobre todo xente nova debido á influencia do castelán.

—¿Está preparando algo?

—Sí, quero publicar algo sobre estilística galega. Traballo en cuestións de gramática tamén.

PACO SOUTO POETA GALEGO

"A poesía é un xogo e cada quen ten que buscar a súa maneira de xogar"

Paco Souto (A Coruña, 1962) é coeditor de Letras de Cal e Edicións do Dragón. Onte ofreceu na Praza dos libros de Carballo un recital-presentación baixo o título de "As horas de María".

—O poemario que presentou en Carballo recibiu o premio "Johán Carballo", ¿Que ten de especial para gañalo?

—Pois que o xurado debiu entender que era a mellor. É moi difícil deliberar un gañador en poesía, tería algo que sorprendeu ao xurado.

—¿Que pretende transmitir ao lector?

—Contarlle a historia dunha muller do século XX. Fago un percorrido histórico por este século, pero sen esquecer as intimidades de María, a protagonista. As propias dunha muller moza con desexos e gañas de vivir, a súa vida cos fillos e co home. No fondo subxace un conflito entre a cultura tradicional e a occidental. Vivense situación curiosas como a conversa de María coa tele porque non



Paco Souto

MAREMA

entende que fale soa.

—¿Canto tempo lle adicou?

—Empecei con el nos 80. Nos noventa ofrecéronme editalo, pero non chegou a nada. Devolvéronmo, reescribino e presentéino ao concurso.

—¿En que se soe inspirar?

—Na vida, a poesía é un xogo e cada quen ten que buscar a súa maneira de xogar. Aínda que ás veces propoño un tema.